

**BASES REGULADORAS DA UTILIZACIÓN DOS BONOS QR AMARIBERIA 2026,  
DENTRO DO PLAN DE FORTALECIMENTO DO PEQUENO COMERCIO LOCAL DE  
RIBEIRA.**

***Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras***

A presente convocatoria ten por obxecto aprobar as bases reguladoras dos Bonos AMARIBEIRA para o exercicio 2026, no marco das súas políticas para o fortalecemento do pequeno comercio e dirixidas a propiciar a dinamización do sector comercial local do Concello, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado da contracción do consumo no comercio local.

***Artigo 2. Obxectivos***

O obxectivo do programa e o fortalecemento do pequeno comercio local do Concello, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado da contracción do consumo no comercio local, a través dos bonos QR “AMARIBEIRA 2026”.

***Artigo 3. Orzamento***

Para a concesión destas axudas destinaranse 100.000,00 € dos orzamentos municipais para o ano 2026:

Aplicación	Importe
431 472.03	100.000,00 €

***Artigo 4. Entidade colaboradora***

A entrega e distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Convocatoria específica do procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión, entrega e distribución dos fondos correspondente ás axudas dirixidas a propiciar o fortalecemento do pequeno comercio local, a través da incentivación do consumo mediante o programa de Bonos QR AMARIBEIRA 2026 publicada no BOP nº 63 do 7.04.2026.

***Artigo 5. Actividade subvencionable e principios aplicables***

Polas presentes bases promocionase a venda de bens ou prestación de servizos a través dos Bonos QR AMARIBEIRA 2026 que poderán ser utilizados nos establecementos que estean adheridos ao Programa.

A xestión dos fondos públicos asignados ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026 levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.



**Artigo 6. Persoas beneficiarias e usuarias dos bonos QR AMARIBEIRA 2026**

As persoas beneficiarias serán os operadores económicos (persoas físicas ou xurídicas) dos sectores adheridos ao programa segundo os requirimentos descritos no convenio regulador coa entidade colaboradora e nas bases da convocatoria destas axudas.

As persoas usuarias dos Bonos QR AMARIBEIRA 2026 serán as persoas físicas maiores de idade e residentes no municipio, parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica destes sectores produtivos de proximidade.

**Artigo 7. Alta e requisitos dos establecementos e negocios para a adhesión ao programa**

1. Os establecementos e negocios que desexen adherirse ao programa de Bonos QR AMARIBEIRA 2026, empregarán a aplicación tecnolóxica habilitada pola entidade colaboradora para o efecto e deberán rexistrar a seguinte información;

- Nome e apelidos/nome fiscal.
- Domicilio fiscal en Galicia.
- NIF/CIF.
- Nome, apelidos e DNI do representante.
- Nome comercial.
- Dirección do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal.
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.



2. O prazo para adherirse ao programa será dende o día 11 de maio de 2026 ata o 7.06.2026, data de finalización da execución do programa dos bonos.

3. Poderán adherirse ao programa de Bonos QR AMARIBEIRA 2026 os establecementos que cumbran, ademáis, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan de establecemento permanente e domicilio fiscal en Ribeira e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.

b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño. <sup>(1)</sup>

c) Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social e co Concello da Ribeira, o cal se acreditará mediante declaración responsable cando non supere o importe das axudas os 3.000,00 €, de conformidade co previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións. Cando o importe das axudas supere esta cantidade, se deberá achegar polos operadores económicos certificación acreditativa de estar ao corrente coas indicadas administración, que deberá custodiar a entidade colaboradora para calquera actuación de control e verificación de datos.

(1) Para a definición de micro empresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para micro empresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.

b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.

c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

4. Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados no artigo 42 do Código de Comercio. Tampouco poderán participar os operadores económicos que non cumpran coas condicións do punto anterior nin coa forma establecida nesta convocatoria.

5. O alta e o uso da aplicación polos operadores económicos suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os operadores económicos deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, así como declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social e co Concello de Ribeira.

6. Cada operador económico poderá darse de alta atendendo a súa actividade económica, e segundo a clasificación que se indica no Anexo. Non serán tidas en conta as solicitudes dos operadores que non cumpran ca clasificación indicada no Anexo.



7. O sistema establecido estará habilitado de tal forma que permita ao Concello de Ribeira bloquear ou dar de baixa altas na aplicación, por causas xustificadas.

8. O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026 farase público na APP/web que habilite a entidade colaboradora, así como na web [www.AMARIBEIRA.gal](http://www.AMARIBEIRA.gal)

### **Artigo 9. Alta e requisitos das persoas usuarias**

1. A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas, para dar de alta ás persoas usuarias dos Bonos QR AMARIBEIRA 2026, e identificará respecto de cada un deles a seguinte información:

- Nome e apelidos.
- Localidade de residencia (código postal).
- Maioría de idade.
- DNI.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.

O uso da aplicación e a descarga do bono polo usuario suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable o usuario deberá manifestar, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na presente convocatoria do programa.

### **Artigo 10. Sistema de funcionamento dos bonos**

1. A descarga dos bonos por parte do usuario será mediante a descarga da app/web do usuario facilitada pola entidade colaboradora á que se poderá acceder a través da web: [www.amaribeira.gal](http://www.amaribeira.gal). O bono terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización a través de aplicacións de descarga gratuita tipo Wallet ou similares. Opcionalmente, o bono poderase solicitar presencialmente nas oficinas que determine o Concello para obter un documento en papel do código QR dos Bonos QR AMARIBEIRA 2026.

A persoa interesada, ou o seu representante, poderá autorizar expresamente nas oficinas da entidade colaboradora para a solicitude e obtención do bono en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia desta circunstancia.

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os operadores económicos terán que empregar a plataforma tecnolóxica subministrada pola entidade colaboradora.

3. No momento da transacción deberán quedar rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado. De igual xeito, con cada venda ou prestación de



servizo, achegarase á aplicación, debidamente habilitada ao efecto, imaxe da factura simplificada ou ticket xerado vinculada a acción de compra realizada, sen prexuízo da obriga dos operadores económicos da garda das facturas ou tickets orixinais para o seu control financeiro ou control por mostraxe. De non ser posible esta habilitación técnica, a entidade colaboradora disporá unha dirección electrónica para a recepción das facturas ou tickets que deberán presentar os operadores económicos adheridos, sen prexuízo da habilitación dalgunha oficina na cidade para a mesma fin.

A entidade colaboradora deberá librar semanalmente o importe dos bonos trocados, previa presentación por parte dos operadores económicos adheridos das facturas simplificadas ou medios probatorios equivalentes polas canles que esta poña a disposición daqueles. O pagamento, ademais dos requisitos fiscais esixidos normativamente, reflectirán as operacións realizadas con desagregación dos importes efectivamente abonados e os descontos obtidos tras a presentación dos bonos por parte das persoas usuarias.

En consecuencia, as facturas e/ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas polos beneficiarios dentro do período de execución do programa.

Pola súa banda, o usuario deberá mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada


#### ***Artigo 11. Obrigas dos establecementos e actividades adheridas ao programa***

Os operadores económicos adheridos ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026 adquirirán, a través da solicitude de adherencia, as seguintes obrigas:

- a) Anunciar e comunicar a adhesión ao programa mediante a difusión dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026.
- b) Facer o desconto directo do bono no ticket ou factura de compra emitido e remitir a factura ou documento equivalente á entidade colaboradora, no prazo máximo dun mes dende a aplicación dos bonos e en todo caso nos 15 días naturais posteriores á finalización da vixencia do programa dos bonos QR AMARIBEIRA 2026. Transcorrido este prazo, non se admitirán solicitudes de compensación de bonos trocados.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da entidade colaboradora, o Concello de Ribeira ou empresas auditoras que se poidan contratar, para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.
- d) Conservar todos os tickets de compra ou facturas xustificativas da aplicación dos bonos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control por parte da entidade colaboradora, o Concello de Ribeira ou empresas auditoras que se poidan contratar.
- e) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllas a outras persoas ou establecementos.
- f) Atoparse ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e co Concello de Ribeira. Ata os primeiros 3.000 € de bonos trocados esta circunstancia poderase acreditar mediante declaración responsable. Cando o importe supere os 3.000 € de bonos trocados, deberán achegar os certificados acreditativos correspondentes, que deberán ser remitidos á entidade colaboradora e custodiados por ésta.

#### ***Artigo 12. Condicións de uso dos bonos***

CSV: 07EA001B562200X7U8I9E5112



FIRMANTE - FECHA		
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA 24/04/2026		
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 13:52:02		
EXPEDIENTE :: 2026CONV000004		Fecha: 26/03/2026
		Hora: 00:00
		Und. reg: REGISTRO GENERAL



1. Cada persoa beneficiaria disporá de 1 bono cun saldo máximo de 30 euros, que poderá ser usado nos operadores económicos adheridos ao programa, mediante 1, 2 ou 3 compras, a elixir polo usuario e dependendo do importe total da compra.

O período de validez dos bonos axustarase ao período de vixencia do programa de bonos QR AMARIBEIRA 2026 previsto, dende o día 14 de maio ata o 7 de xuño de 2026, salvo esgotamento previo do seu saldo. Se o Concello decidise ampliar a vixencia do programa de bonos máis alá do 7 de xuño, o prazo de execución quedará automaticamente prorrogado no tempo equivalente a esa extensión temporal que se aprobe no convenio coa entidade colaboradora para a xestión.

Cada bono terá a consideración de bono desconto para as compras nos establecementos adheridos, tendo en conta a clasificación de actividades do Anexo e segundo a seguinte desagregación:

Bono	Destino	Dotación	Desconto
Bono QR AMARIBEIRA 2026	Pequeno comercio de proximidade de Ribeira	100.000 euros	Desconto de 10 euros por cada 30 euros de compra, ata un máximo de 30 euros por persoa usuaria.

Todas estas contías enténdense co IVE engadido.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa facilitada pola entidade colaboradora, os operadores económicos adheridos terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. O importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento ou actividade adherida é de 10.000,00 € (IVE incluído).

6. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O comerciante non poderá aboar ao consumidor, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

7. Non será aplicable o emprego dos bonos para as compras en liña nin serán compatibles con outro tipo de bonos promovidos por outras administracións públicas para as mesmas compras ou servizos.

8. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local poderase modificar o importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento ou actividade, do cal se dará oportuna publicidade.

### **Artigo 13. Xustificación e inspección**

O Concello de Ribeira, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos ou actividades adheridas, a concellería de comercio poderá cancelar a súa adhesión ao programa. Neste caso, comunicará dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.



Os establecementos e actividades adheridos ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026 están obrigados a facilitar tanta información lles sexa requirida pola Concellería de comercio e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

#### *Artigo 14. Información básica en materia de protección de datos persoais*

1. A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendada o labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos Bonos QR AMARIBEIRA 2026 segundo as directrices establecidas polo Concello de Ribeira, e garante expresamente, respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- ▣ Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- ▣ Que non os comunicará a terceiras persoas.
- ▣ Que gardará o secreto profesional respecto destes.
- ▣ Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigas anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen os deberes que se citarán como condición de encargado do tratamento.

#### 2. Deber de información ás persoas usuarias do programa Bonos QR AMARIBEIRA 2026.

Para os efectos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e de Consello do 27 de abril de 2016 (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase os usuarios e operadores económicos adheridos ao programa de Bonos AMARIBEIRA 2026 nos seguintes termos:

- ▣ Os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello de Ribeira, en calidade de Responsable do Tratamento, co remate de levar a cabo a xestión administrativa para adherirse ao programa de Bonos AMARIBEIRA 2026 mediante a presente declaración responsable.
- ▣ A base xurídica de lexitimación para o tratamento dos datos persoais radica no exercicio dos poderes públicos ou competencias conferidos e, na relación existente entre os usuarios e o Concello.
- ▣ Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron, e segundo a base xurídica do tratamento dos datos de conformidade coas obrigas legais, así como para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Con todo, os datos poderán ser conservados, no seu caso, co fin de arquivo de interese público, remates de investigación científica e histórica ou remates estatísticos.
- ▣ Os datos non serán cedidos a terceiros, agás que sexan comunicados ás entidades públicas ou privadas, ás cales sexa necesario ou obrigatorio ceder estes para poder xestionar a súa solicitude, así como nos supostos previstos, segundo Lei.

Poderá exercitarse os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. A estes efectos, deberá presentar un escrito na Oficina de Atención Cidadá sita na planta baixa do Concello, na Praza do Concello, s/n 15960 Ribeira (A Coruña), ou, no seu caso, ao Delegado de Protección de Datos [lopd@ribeira.gal](mailto:lopd@ribeira.gal).



No escrito deberase especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificativo do mesmo.

Así mesmo, en caso de considerar vulnerados os dereitos á protección de datos persoais, poderase interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

### 3. Encargado do tratamento

O Concello de Ribeira ten a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ten a condición de encargada do tratamento; a entidade colaboradora comprométese ás seguintes condicións:

- Tratar por conta do Concello de Ribeira os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos Bonos QR AMARIBEIRA 2026. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os recollidos nesta convocatoria. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.
- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto do encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios; neste suposto, será considerada como responsable do tratamento.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPDP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente o responsable.
- Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RXPDP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

### **Artigo 15. Transparencia e bo goberno**

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello de Ribeira <https://ribeira.gal/portal-de-transparencia>

Por ese motivo, a entidade colaboradora queda suxeita así mesmo a fornecer de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello de Ribeira cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

### **Artigo 16. Información**

Poderase obter información adicional a través da web, [www.amaribeira.gal](http://www.amaribeira.gal)

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral do Concello de Ribeira 010.



**Artigo 17. Habilitación para o desenvolvemento**

Facúltase a persoa titular da Concellería de Comercio, para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e aplicación destas bases.

**ANEXO**

Bono	Epígrafes IAE admitidos
<b>Agrupación 64. Comercio al por menor de productos alimenticios, bebidas y tabacos, realizado en establecimientos permanentes.</b>	
Grupo 641	Comercio al por menor de frutas, verduras, hortalizas y tubérculos.
Grupo 642	Comercio al por menor de carnes y despojos; de productos y derivados cárnicos elaborados; de huevos, aves, conejos de granja, caza y de productos derivados de los mismos.
Grupo 643	Comercio al por menor de pescados y otros productos de la pesca y de la acuicultura y de caracoles.
Grupo 644	Comercio al por menor de pan, pastelería, confitería y similares y de leche y productos lácteos.
Grupo 645	Comercio al por menor de vinos y bebidas de todas clases.
Grupo 647	Comercio al por menor de productos alimenticios y bebidas en general.
<b>Agrupación 65. Comercio al por menor de productos industriales no alimenticios realizado en establecimientos permanentes.</b>	
Grupo 651	Comercio al por menor de productos textiles, confección, calzado, pieles y artículos de cuero.
Grupo 652	Comercio al por menor de medicamentos y de productos farmacéuticos; comercio al por menor de artículos de droguería y limpieza; perfumería y cosméticos de todas clases; y de productos químicos en general; comercio al por menor de hierbas y plantas en herbolarios.
Grupo 653	Comercio al por menor de artículos para el equipamiento del hogar y la construcción.
Grupo 656	Comercio al por menor de bienes usados tales como muebles, prendas y enseres ordinarios de uso doméstico.



Grupo 657	Comercio al por menor de instrumentos musicales en general, así como de sus accesorios.
Grupo 659	Otro comercio al por menor.
<b>Agrupación 75. Actividades anexas a los transportes.</b>	
Grupo 755	Agencias de viaje.

Ribeira, a data da sinatura dixital.

A ALCALDESA

María J. Fernández Sampedro



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B562200X7U8I9E5112 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA  
24/04/2026  
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 13:52:02

EXPEDIENTE ::  
2026CONV000004  
Fecha: 26/03/2026  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001B562200X7U8I9E5112

